

ESTATUTOS

FEDERACIÓN GALEGA

DE

HALTEROFILIA



ÍNDICE

TÍTULO I XERAIS

DISPOSICIÓN

CAPITULO PRIMEIRO

DENOMINACIÓN, OBJETO E DOMICILIO

ARTIGO 1º	Denominación e Natureza Xurídica
ARTIGO 2º	Domicilio
ARTIGO 3º	Obxeto e funcións

CAPITULO SEGUNDO

REQUISITOS DE INTEGRACIÓN DEREITOS E DEBERES

ARTIGO 4º	Estamentos integrados
ARTIGO 5º	Dos Clubs
ARTIGO 6º	Da licenza federativa
ARTIGO 7º	Dereitos e obrigas dos afiliados

TITULO II

ESTRUTURA ORGÁNICA

CAPITULO PRIMEIRO

OS ÓRGANOS DE GOBERNO E COMPLEMENTARIOS

ARTIGO 8º	Órganos
-----------	---------

CAPITULO SEGUNDO

ASEMBLEA XERAL

ARTIGO 9º	A Asemblea Xeral
ARTIGO 10º	Competencia da Asemblea Xeral
ARTIGO 11º	A Comisión Delegada da Asemblea Xeral

CAPITULO TERCEIRO

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN

ARTIGO 12º	O Presidente, as súas funcións
ARTIGO 13º	Elección
ARTIGO 14º	A moción de censura
ARTIGO 15º	Dedicación, incompatibilidades e inelixibilidade
ARTIGO 16º	Remuneración

CAPITULO CUARTO

A XUNTA DIRECTIVA

ARTIGO 17º	Natureza, composición e funcións
ARTIGO 18º	Convocatoria, funcionamento e adopción de acordos



CAPITULO QUINTO**O SECRETARIO**

ARTIGO 19º

Nomeamento e funcións

CAPITULO SEXTO**O TESOUREIRO**

ARTIGO 20º

Nomeamento e funcións

CATIPULO SÉTIMO**OS COMITÉS DA FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA**

ARTIGO 21º

O Comité técnico de Xuíces

ARTIGO 22º

O Comité de Adestradores

CAPÍTULO OITAVO**DISPOSICIÓN COMUNES DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN E COMPLEMENTARIOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA**

ARTIGO 23º

Convocatoria e presidencia dos Órganos

ARTIGO 24º

Quórum e adopción de acordos

ARTIGO 25º

Responsabilidade

ARTIGO 26º

Cese dos membros dos órganos de goberno e representación

TÍTULO III**ORGANIZACIÓN TERRITORIAL**

ARTIGO 27º

Das Delegacións Territoriais

ARTIGO 28º

Do funcionamento das Delegacións

TÍTULO IV**RÉXIME ELECTORAL**

ARTIGO 29º

Da convocatoria electoral

ARTIGO 30º

Da Xunta Electoral

ARTIGO 31º

Do Regulamento Electoral

TÍTULO V**RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL**

ARTIGO 32º

Patrimonio

ARTIGO 33º

Recursos económicos. Procedencia, carácter e destino.

ARTIGO 34º

O exercicio económico e o orzamento

ARTIGO 35º

A contabilidade da Federación

ARTIGO 36º

Réxime de administración e xestión económica



TÍTULO VI

RÉXIME DOCUMENTAL

ARTIGO 37º
ARTIGO 38º

Libros e documentos
Información e exame dos libros e documentos

TÍTULO VII

RÉXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 39º
ARTIGO 40º
ARTIGO 40º BIS

Potestade disciplinaria. Principios xerais
Os Comités de Competición e Apelación
Faltas e sancións

TÍTULO VIII
DISOLUCIÓN

EXTINCIÓN E

ARTIGO 41º
ARTIGO 42º

Causas de disolución e extinción
Liquidación patrimonial

TÍTULO IX

APROBACIÓN E REFORMA DOS
ESTATUTOS E REGULAMENTOS

ARTIGO 43º

Procedemento de aprobación e reforma dos Estatutos
e Regulamentos

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ENTRADA EN VIGOR



TÍTULO I**DISPOSICIÓN XERAIS****CAPITULO PRIMEIRO****DENOMINACIÓN, OBXECTO E DOMICILIO.****ARTIGO 1º****DENOMINACIÓN E NATUREZA XURÍDICA**

A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA é unha Entidade Asociativa privada con personalidade xurídica propia e independente dos seus asociados, declarada por Lei de utilidade pública, estendendo o seu ámbito de actuación ó conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se rexe polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, xeral do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, os seus propios Estatutos e regulamentos debidamente aprobados e as demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos. Ó formar parte do obxecto da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA a organización e promoción da Halterofilia como deporte olímpico, atópase afiliada á Federación Española de Halterofilia, e acata, dentro do respecto ó Ordenamento Xurídico Español, as regras que rexen o Comité Olímpico Internacional e o Comité Olímpico Español, e os acordos dos mesmos.

ARTIGO 2º**DOMICILIO**

A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA ten o seu domicilio no Complexo Deportivo de Elviña, Praza Agustín Díaz nº 3 15008- A Coruña

A Asemblea Xeral poderá acordar o traslado de domicilio dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Para calquera cambio será preciso o acordo favorable de dous terzos da Asemblea Xeral.

ARTIGO 3º**OBXECTO E FUNCIÓNS**

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA ten por obxecto a defensa e a promoción da Halterofilia.
2. Corresponde á FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA, o Goberno, Administración, Xestión, Organización e Regulamentación da Halterofilia

* En consecuencia é propio dela:

- a) A convocatoria das seleccións deportivas e a designación dos deportistas que as integren.
- b) Colaborar coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción da Halterofilia.
- c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.



- d) Colaborar e organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
 - f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores e árbitros segundo a normativa vixente.
 - g) Contratar o persoal necesario para o cumprimento das súas funcións.
 - h) En xeral, cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora da Halterofilia.
- * Son funcións públicas delegadas, en réxime de exclusividade:
- a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da Halterofilia.
 - b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
 - c) Expedir licenzas deportivas nos termos establecidos nesta lei.
 - d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
 - e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
 - f) Exercer a potestade disciplinaria de acordo á lei, aos estatutos e aos distintos regulamentos.
 - g) Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - h) Colaborar coas administracións públicas na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Instruíndo e resolvendo os expedientes sancionadores no ámbito da dopaxe consonte o establecido no título VIII da lei do Deporte de Galicia.
 - i) Calquera outra que regulamentariamente se determine ou lle sexa atribuída pola lexislación vixente
3. Os actos adoptados pola FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA no exercicio das funcións propias ou delegadas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, cando as resolucións esgotan a vía administrativa.



CAPITULO SEGUNDO**REQUISITOS DE INTEGRACIÓN.
DEREITOS E DEBERES****ARTIGO 4º****ESTAMENTOS INTEGRADOS**

A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA está integrada polos clubs, as seccións deportivas, os deportistas, os técnicos, os xuíces, e outros colectivos interesados que promovan, practiquen ou contribúan ó desenvolvemento da Halterofilia.

ARTIGO 5º**DOS CLUBS**

1. Tódolos clubs que se queiran adscribir á *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA*, deberán estar inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, dependente da Secretaría Xeral para o Deporte. Para a súa adscrición deberán presentar Certificado de inscrición en dito rexistro e copia dos seus estatutos debidamente compulsados.
2. Para ser titular dos dereitos que como tal lle corresponda no seo da Federación, o club debe satisfacer a cota de afiliación que se acorde na Asemblea Xeral da Federación.

ARTIGO 6º**DA LICENZA DEPORTIVA**

1. Para a participación en actividades e competicións de carácter oficial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberase obter unha licenza persoal que expedirá a propia *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA*.
2. A Federación expedirá as licenzas solicitadas nun prazo de 15 días dende a súa solicitude, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos deportivos establecidos para a súa expedición nos seus Estatutos ou Regulamentos.
A non expedición inustificada das licenzas no prazo sinalado comportará para a Federación a correspondente responsabilidade disciplinaria conforme o previsto no Ordeamento Xurídico Deportivo.
3. As licenzas incluírán un seguro obrigatorio que garanta o dereito á asistencia sanitaria do titular, sendo as cotas fixadas pola Asemblea Xeral.
4. A *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA* resérvase o dereito, de forma previa á expedición dunha licenza, de establecer a obrigatoriedade dun recoñecemento médico do deportista.
5. De acordo co disposto pola Lei Orgánica 15/1999 (13 de decembro) de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos proporcionados polos estamentos federativos, serán incorporados e tratados nos diversos ficheiros que reúnen as medidas de seguridade de nivel básico e que se atopan inscritos no Rexistro Xeral de Datos Persoais dependente da Axencia Española de Protección de Datos. O responsable do devandito ficheiro é a *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA*. A finalidade da recollida e tratamento dos datos é a de tramitar e xestionar licenzas deportivas e



únicamente serán cedidas a terceiros no ámbito das competicións deportivas, para cumprir os fins que exclusivamente se deriven do exercicio das funcións e obrigacións da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na sede da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA.

ARTIGO 7º

DEREITOS E OBRIGAS DOS AFILIADOS

1. Todo integrante da *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA* ten os dereitos seguintes:
 - a) Formar parte dos diversos órganos e comités federativos.
 - b) Participar nas actividades e competicións que organice esta federación.
 - c) Elevar cantas consultas e reclamacións consideren oportuno
2. Son obrigas dos mesmos
 - a) Aboar cumpridamente as cotas e dereitos federativos.
 - b) Acatar e cumprir diligentemente os acordos e decisións dos órganos federativos, así como aceptar e cumprir os Estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA.
 - c) Representar a esta Federación cando se lle requira para elo, incluíndo as sesións de concentración e preparación que se establezan polos responsables federativos.
3. A perda de condición de federado producirase por finalización do prazo de vixencia da licenza ou por sación disciplinaria firme.

TÍTULO II

ESTRUTURA ORGÁNICA

CAPÍTULO PRIMEIRO

OS ÓRGANOS DE GOBERNO E COMPLEMENTARIOS

ARTIGO 8º

ÓRGANOS

Os órganos de goberno e representación da *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA* son a **ASEMBLEA XERAL** e o **PRESIDENTE**. No seo da Asemblea Xeral deberase constituir unha **COMISIÓN DELEGADA**, de asistencia á mesma. Ademáis son órganos complementarios: a **XUNTA DIRECTIVA**, o **SECRETARIO**, e o **TESOUREIRO**.



CAPÍTULO SEGUNDO

A ASEMBLEA XERAL

ARTIGO 9º

A ASEMBLEA XERAL

1. A ASEMBLEA XERAL é o órgano superior da *FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA* no que estarán representados tódolos estamentos integrantes da mesma, está composta por un número de membros que será determinado regulamentariamente no momento de convocatoria de eleccións a membros de dita Asemblea. A distribución por estamentos dos membros é a seguinte:

Asociacións Deportivas	60 %
Deportistas	25 %
Xuíces	7,5 %
Adestradores	7,5 %

2. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos anos nos que se celebren o Xogos Olímpicos de inverno por sufraxio libre e secreto, igual e directo, entre e polos compoñentes de cada estamento integrado na Federación.

Así, terán a consideración de electores e elixibles os deportistas, clubs deportivos, xuíces-árbitros e adestradores que reúnan os requisitos previstos na normativa autonómica de aplicación.

3. A Asemblea Xeral reunirase unha vez ó ano con carácter ordinario para o exercicio das súas funcións e competencias, necesariamente antes de comenazar a nova temporada deportiva e, como mínimo, para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, e das bases e regulamentos que rexirán a competición, e para a aprobación da memoria de actividades anuais. Ademáis poderase reunir con carácter extraordinario cando sexa convocada polo Presidente ou a proposta dun número de membros da Asemblea non inferior ó 25%.

Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala necesariamente no prazo de 10 días naturais. Dende a convocatoria ata a data de celebración non poderán transcorrer máis de 20 días naturais.

A convocatoria, que deberá conter a orde do día da reunión, farase pública no tabulario de anuncios da Federación e nas delegacións territoriais con 10 días de antelación á data de celebración. En todo caso notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma, cunha antelación mínima de 48 horas.

4. O voto será persoal. Non se admitirá a delegación de voto salvo o correspondente ós clubs deportivos que poderá exercelo o seu presidente ou a persoa na que delegue, sempre que non sexa membro da Asemblea da Federación, de acordo cos seus propios estatutos, con carácter expreso e escrito para cada reunión. Ninguén poderá ostentar máis dunha delegación de voto.
5. A Asemblea Xeral poderase reunir en Pleno ou en Comisión Delegada.



ARTIGO 10º**COMPETENCIA DA ASEMBLEA XERAL**

Corresponde á Asemblea Xeral en reunión plenaria:

- a) A aprobación do orzamento anual e a súa liquidación.
- b) A aprobación do calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexerán a competición.
- c) A aprobación dos Regulamentos.
- d) A aprobación e modificacións dos Estatutos.
- e) A elección e cese do Presidente.
- f) Establecer as liñas xerais de actuación, para a promoción e defensa da Halterofilia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 11º**A COMISIÓN DELEGADA DA ASEMBLEA XERAL**

1. A COMISIÓN DELEGADA da Asemblea Xeral estará integrada polo Presidente da Federación, e un número de membros non inferior a 5 nin superior a 15 da Asemblea Xeral, elixidos por ésta cada catro anos mediante sufraxio, podéndose cubrir anualmente as vacantes que se produzan co seguinte candidato máis votado.
2. A Comisión Delegada reunirse, como mínimo unha vez cada catro meses a proposta do Presidente, e o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral, correspondéndolle as seguintes funcións:
 - a) A elaboración dun informe previo a aprobación dos orzamentos.
 - b) A modificación do calendario deportivo.
 - c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
 - d) O seguimento da xestión deportiva e económica da Federación mediante a elaboración dun informe anual á Asemblea Xeral sobre a memoria de actividades e a liquidación do orzamento.
3. Respecto das modificacións a que se refiren os puntos anteriores b) e c), as mesmas non poderán exceder os límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza, entendéndose en todo caso como competencias delegadas de aquela, correspondendo de forma exclusiva ó Presidente ou a dúas terceiras partes dos membros da Comisión Delegada a proposta dos temas que se van tratar na Comisión.



CAPÍTULO TERCEIRO**O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN****ARTIGO 12º****O PRESIDENTE , AS SÚAS FUNCIÓNS**

O PRESIDENTE da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA é o órgano executivo da mesma, ostenta a súa representación legal, convoca e preside a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada e a Xunta Directiva, conta con voto de calidade para o caso de empate na adopción de acordos de ditos órganos e ten responsabilidade de executar e levar a cabo os acordos dos mesmos.

ARTIGO 13º**ELECCIÓN**

1. O Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA será elixido cada catro anos para mandatos de igual duración coincidindo cos anos dos xogos olímpicos de inverno, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta.
2. Se algún membro da Comisión Xestora presentase a súa candidatura a presidencia, deberá, previa ou simultaneamente, cesar na mesma. O presidente saínte da federación será membro da nova Asemblea. Esta condición pérdese nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou de habela presentado se non resultase elixido.
3. Será elixido Presidente, o candidato que obteña maioría absoluta dos votos dos membros presentes. No caso de que ningún candidato alcance esta maioría procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elixido o que obteña maioría simple.
4. O Presidente gozará de voto de calidade, no caso de empate, naquelas decisións que deban adoptar os órganos que preside.
5. Para poder ser candidato a Presidente, serán necesarios os requisitos seguintes:
 - a) Ter a condición política de galego, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - b) Ser maior de idade.
 - c) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
 - d) Non estar incurso en sanción deportiva que o inhabilite e non estar inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.
6. Mentres dure o seu mandato, o Presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación na que se integre o devandito club.



7. En supostos de ausencia, enfermidade ou outra causa que impida transitoriamente desempeñar as súas funcións, o Presidente será substituído polo vicepresidente na orde correspondente.
8. Cando o Presidente cese no cargo por concluír o tempo de mandato, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora e convocase eleccións aos Órganos de goberno e representación da Federación Galega de Halterofilia, elaborando o calendario correspondente aos comicios.
9. Se o Presidente cesase por calquera outra causa, procederase de idéntico modo, pero limitado exclusivamente o proceso á elección do substituto, que ocupase o cargo por tempo igual ao que restase por cumprir ao substituído

ARTIGO 14º

A MOCIÓN DE CENSURA

Á Asemblea Xeral correspóndelle resolver, mediante votación dos seus membros, as mocións de censura que se poidan presentar contra o Presidente.

A lexitimación para presentar a moción de censura corresponde a:

- Un 25% dos membros da Asemblea Xeral.

A moción de censura, que será construtiva, será presentada mediante escrito no que se acredite suficientemente a lexitimación dos que a promoveran; os motivos, causas e razóns en que se basee; a designación do candidato alternativo ó cargo de Presidente proposto polos promotores da moción; e a aceptación expresa do candidato alternativo da súa condición de tal.

Dende que teña entrada na federación o escrito no que se interpoña a moción de censura, o Presidente da Federación deberá convocar con carácter extraordinario a Asemblea Xeral para que reúna nos 15 días seguintes, previa convocatoria dos seus membros cunha antelación mínima de 72 horas, e resolva a moción, que sólo poderá ser aprobada por votación favorable da metade máis un dos membros integrantes da Asemblea Xeral.

Non se poderá presentar nin se admitirá a trámite unha moción de censura sin transcorrer alomenos seis meses dende a data de presentación dunha moción de censura anterior que non prosperase.

ARTIGO 15º

DEDICACIÓN, INCOMPATIBILIDADES E INELIXITIVIDADE

1. O Presidente desempeñará o seu cargo coa dedicación necesaria para o desempeño das súas funcións, sen que en ningún caso poida dar lugar á paralización administrativa da Federación nin a omitir as reunións dos órganos de goberno e representación esixidas polas disposicións legais e estes Estatutos.



2. Cargo de Presidente é incompatible co desempeño de cargos directivos ou técnicos en asociacións ou clubs deportivos dedicados á Halterofilia, e coa obtención de proveito material, persoal, derivado de determinada actividade económica, comercial, industrial ou profesional, relacionada con este deporte.
3. Non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.
4. Para poder ser candidato a Presidente, ou membro da súa Xunta Directiva terá que reunir as seguintes condicións:
 - a) Ter a condición política de galego segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
 - b) Ser maior de idade.
 - c) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
 - d) Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite.
 - e) Non estar inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.

ARTIGO 16º

REMUNERACIÓN

O CARGO de Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA poderá ser remunerado sempre que a Asemblea Xeral adopte tal acordo, así como o de fixa-la contía da remuneración, por maioría absoluta.

A remuneración do Presidente, da cal o importe bruto incluídos os gastos sociais legalmente establecidos non poderá ser stisfeito con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación, concluirá co fin do mandato sen que se poida estender máis alá da duración do mesmo, e deberá constar de maneira diferenciada no orzamento.

CAPÍTULO CUARTO

A XUNTA DIRECTIVA

ARTÍGO 17º

NATUREZA, COMPOSICIÓN E FUNCÍONS

1. A XUNTA DIRECTIVA da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA é o órgano colexiado de xestión da mesma, sendo os seus membros designados e rebocados libremente polo Presidente da Federación, que presidirá as súas reunións e terá voto de calidade nas votacións en caso de empate.



2. A Xunta Directiva da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA estará constituída por un número de membros, non inferior a 5 nin superior a 15, e da que formará parte tamén o Secretario, estando sometidos tódolos seus membros ó mesmo réxime de incompatibilidades que o Presidente.
No suposto de que se estableza algunha compensación económica para algún membro da Xunta Directiva, haberá de cumprilo mesmos requisitos establecidos no caso do Presidente.
3. Para cumprir coa súa función xestora, a Xunta Directiva ten as seguintes competencias:
 - a) Asistir ó Presidente na dirección deportiva, administrativa e económico-contable da Federación.
 - b) Propor acordos á Asemblea Xeral e á Comisión Delegada.
 - c) Conceder honores e recompensas.

ARTIGO 18º CONVOCATORIA, FUNCIONAMENTO E ADOPCIÓN DE ACORDOS

A Xunta Directiva renuirase unha vez ó mes. A convocatoria será realizada polo Presidente cunha antelación mínima de tres días e, cando houberse asuntos urxentes que tratar, coa antelación posible para que tódolos seus membros poidan ter coñecemento da reunión.

Os acordos serán adoptados por maioría simple dos presentes.

CAPÍTULO QUINTO

O SECRETARIO

ARTIGO 19º NOMEAMENTO E FUNCIONS

1. O SECRETARIO ou SECRETARIA da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA será nomeado polo presidente, con dependencia directa do mesmo.
2. As principais funcións do SECRETARIO ou SECRETARIA son:
 - a) Redactar as actas das reunións actuando como secretario das mesmas, ás que asistirá podendo intervir con voz pero sen voto salvo na Xunta Directiva, que como membro desta poderá exercer o seu dereito a voto; custodia destas e dos arquivos da federación, o control e a fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria, así como a de contabilidade e tesourería no caso de non existir a figura de tesoureiro.
 - b) Expedir as certificacións oportunas dos actos dos órganos de goberno e representación, e complementarios.
 - c) Emitir os informes que lle sexan solicitados por calquera dos órganos de goberno e representación da Federación, xa sexa verbalmente ou por escrito.



- d) Remitir á Secretaría Xeral para o Deporte as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días dende a data da súa celebración.
- e) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da Federación e aquelas que lle sexan delegadas polo Presidente.

CAPÍTULO SEXTO

O TESOUREIRO

ARTIGO 20º

NOMEAMENTO E FUNCIÓNS

O Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA poderá nomear un TESOUREIRO que se encargará da administración da Federación e desempeñará as seguintes funcións:

- Leva-la contabilidade da Federación.
- Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da Federación.
- Elaborar e presentar balances á Comisión Delegada do estado contable da Federación.
- Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da Federación e aquelas que lle sexan delegadas polo Presidente.

No suposto de que o cargo de Tesoureiro se atopase vacante, as funcións do mesmo serán asumidas polo Presidente, podendo delegalas na persoa que considere oportuno.

CAPÍTULO SÉTIMO

OS COMITÉS DA FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA

ARTIGO 21º

O COMITÉ TÉCNICO DE XUÍCES

O COMITÉ TÉCNICO DE XUÍCES da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA é un órgano técnico que ten por obxeto a formación, capacitación, actualización e dirección dos Xuíces das competicións de Halterofilia.

As funcións do Comité Técnico de Xuíces serán:

- Establece-los nivéis de formación arbitral.



- Clasificar técnicamente ós xuíces, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes, en función dos criterios prefixados pola Asemblea Xeral. Estas clasificacións resultantes comunicaranse á Asemblea Xeral.
- Propoñe-los candidatos a xuíces nacionais.
- Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- Designa-los colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- Colaborar cos órganos competentes da Federación na formación de xuíces.

O Presidente do Comité Técnico de Xuíces será nomeado e separado polo Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA. Asemade, o Presidente do Comité Técnico de Xuíces propondrá á Xunta Directiva da Federación un secretario de dito comité que será nomeado pola Xunta Directiva no seu caso.

A clasificación técnica dos Xuíces que realice o Comité Técnico levarase a cabo con observancia dos seguintes criterios: probas físicas e psicotécnicas; coñecemento dos regulamentos; experiencia mínima e idade.

ARTIGO 22º

O COMITÉ DE ADESTRADORES

O COMITÉ DE ADESTRADORES da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA é un órgano técnico que ten por obxecto a formación, capacitación, actualización e dirección dos adestradores de Halterofilia.

As funcións do Comité de Adestradores son as seguintes:

- A colaboración coa Administración Pública competente na formación de técnicos deportivos.
- O estudo e a actualización das diferentes técnicas e sistemas de ensinanza e adestramento.
- A organización de cursos e xornadas que redunden no perfeccionamento e actualización permanente dos técnicos deportivos.
- Manter contactos e relacións con outras entidades de carácter nacional e internacional para intercambio de coñecementos e información.
- Censar e reunir a tódolos técnicos titulados, velando polo prestixio profesional dos mesmos.
- A divulgación da teoría da práctica da Halterofilia, e cantos outros coñecementos contribúan ó desenvolvemento deste deporte.
- Todas aquelas que lles encargue a Federación de acordo coa súa natureza.



O Presidente do Comité de Adestradores será nomeado e separado polo Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA. Asemade, o Presidente do Comité de Adestradores propondrá á Xunta Directiva da Federación un secretario que será nomeado pola Xunta Directiva no seu caso.

CAPÍTULO OITAVO

DISPOSICIÓN COMUNES DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN E COMPLEMENTARIOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA

ARTIGO 23º

CONVOCATORIA E PRESIDENCIA DOS ÓRGANOS

O Presidente da Federación convoca as reunións de tódolos órganos, excepto dos Comités, que serán convocadas-las súas reunións polos seus respectivos presidentes.

O Presidente convocará a reunión dos órganos colexiados coa frecuencia e nos prazos e datas establecidos polas disposicións legais e estatutarias, e cando teña por convinte. Ademais estará obrigado a realizar dita convocatoria cando así o requiran unha terceira parte dos membros integrantes de dito órgano e nos demais supostos legais.

Co fin de garanti-lo cumprimento efectivo das funcións encomendadas á FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA, a Secretaría Xeral para o Deporte convocará Asemblea Xeral ou Comisión Delegada, para o debate e resolución, se procede, de asuntos ou cuestións determinadas, cando aquelas non foran convocadas por quen ten a obriga estatutaria e legal de facelo no tempo regulamentado. En todo caso, as reunións dos órganos colexiados serán presididas polo seu Presidente.

ARTIGO 24º

QUÓRUM E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Salvo nos supostos en que a normativa de aplicación e estes Estatutos estableza outra cousa, entenderase debidamente constituídos os órganos colexiados da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA cando á reunión concorran a maioría dos seus membros en primeira convocatoria, e en segunda convocatoria cando concorran alomenos unha terceira parte dos seus membros.

Os acordos serán adoptados mediante votación, por maioría simple, e en caso de empate o Presidente terá voto de calidade. Excepcións aqueles casos en que a lexislación vixente e estes Estatutos establezan outra cousa.

O réxime de adopción de acordos dos órganos colexiados da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA serán comunicados a todos os estamentos a través da súa páxina www.halterofilia.org, mediante circulares oficiais, así como a través do correo electrónico. Calquera federado poderá exercer o seu dereito de solicitude de impugnación contra un acordo contrario á normativa en vigor, ante as instancias federativas, administrativas e xurisdiccionais competentes.



ARTIGO 25º**RESPONSABILIDADE**

Con independencia das responsabilidades penais, civís e administrativas establecidas na lexislación vixente, tódolos membros dos diferentes órganos da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA son responsables especificamente:

- a) Dos actos, resolucións ou acordos do órgano do que tomen parte.
- b) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflecta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.
- c) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.
- d) En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

Quedarán eximidos de responsabilidade, aqueles que sendo membros de órganos colexiados, expresasen o seu voto negativo ou motivasen a súa abstención nos acordos adoptados.

Asimesmo, tódolos integrantes dos órganos da Federación están suxeitos á responsabilidade disciplinaria deportiva nos termos establecidos por estes Estatutos, polos Regulamentos correspondentes e pola lexislación vixente na materia, cando incorran no incumprimento dos acordos de calesquera órganos federativos, normas xerais ou na comisión das faltas previstas no réxime disciplinario federativo.

ARTIGO 26º**CESE DOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

As persoas designadas para ocupar os órganos de goberno e representación da Federación cesarán nos mesmos polas seguintes causas:

- a) Falecemento ou incapacitación establecida por sentenza firme.
- b) Dimisión.
- c) Expiración do mandato para o que foron nomeados os elixidos.
- d) Condena en sentenza firme a inhabilitación para o exercicio de funcións públicas.
- e) Nos demais casos previstos na lexislación vixente e en estes Estatutos para cada órgano (moción de censura, cese, etc.)



TITULO III**ORGANIZACIÓN TERRITORIAL**

ARTIGO 27º**DAS DELEGACIÓNS TERRITORIAIS**

A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA poderase estruturar en Delegacións, se así o acorda a Asemblea Xeral, á fronte das cales estará un representante federativo que será nomeado e cesado polo Presidente.

ARTIGO 28º**DO FUNCIONAMENTO DAS DELEGACIÓNS**

As Delegacións existentes, en canto ó seu funcionamento e organización, rexiranse polas directrices marcadas polos órganos da Federación.

TÍTULO IV**RÉXIME ELECTORAL**

ARTIGO 29º**DA CONVOCATORIA ELECTORAL**

1. As eleccións a Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA realizaranse mediante convocatoria acordada pola Asemblea Extraordinaria.
Na orde do día deberá consta-lo procedemento a seguir para a elección e nomeamento da Xunta Electoral.
2. O Presidente da Federación e os membros da Comisión Delegada serán elixidos na primeira reunión da nova Asemblea Xeral. No momento de inicio do prazo para presentación de candidaturas á elección a Presidente deberá estar publicada a relación dos membros elixidos para a Asemblea Xeral.
3. O prazo de presentación de candidaturas para a elección de Presidente non poderá ser inferior a dous días naturais.
4. No suposto de que se presentara un só candidato, non se efectuará votación e a Xunta Electoral, proclamará Presidente a ese candito.

ARTIGO 30º**DA XUNTA ELECTORAL**

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura na mesma asemblea na que se celebre a súa elección.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:



- a) Ser maior de 18 anos.
 - b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
 - d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Halterofilia.
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou sanción administrativa firme en materia deportiva de inhabilitación para ocupar o cargo.
3. No caso de non presentación de candidatos, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma.
4. As súas funcións e normas de actuación viran reflectidas no regulamento electoral.

ARTIGO 31º**DO REGULAMENTO ELECTORAL**

1. Os Regulamentos Electorais, regularán, como mínimo as seguintes cuestións:
 - a) Número de membros da Asemblea e distribución dos mesmos por estamentos, de acordo co establecido nestes Estatutos.
 - b) Circunscricións electorais, se fóran necesarias, e número de representantes de cada estamento por cada unha delas.
 - c) Calendario electoral: prazos, presentación e proclamación de candidatos, así como o sistema de desempate.
 - d) Censo electoral.
 - e) Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
 - f) Procedemento de resolución de conflitos e reclamacións, que se deberán resolver sen dilación.
 - g) Recursos electorais.
 - h) Composición, competencia e funcionamento das mesas electorais.
 - i) Elección do Presidente.
 - j) Elección da Comisión Delegada da Asemblea.
 - k) A regulación do voto por correo.



2. Aprobado o regulamento electoral, o Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA procederá, no prazo sinalado no mesmo, á convocatoria de eleccións da Asemblea Xeral. A partir dese momento, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora da Federación.
3. Se non se presentara ningunha candidatura ou non fora válida ningunha das presentadas, a Xunta Directiva constituída en Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de 3 meses.

TÍTULO V RÉXIMEN ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

ARTIGO 32º

PATRIMONIO

O Patrimonio da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA está integrado polos bens e dereitos dos que lle corresponde a titularidade.

ARTIGO 33º

RECURSOS ECONÓMICOS. PROCEDENCIA, CARÁCTER E DESTINO

Os recursos económicos da Federación son, entre outros, os seguintes:

- a) As subvencións que as Entidades Públicas lle poidan conceder.
- b) As doacións, herdanzas, legados e permisos que lle sexan outorgados.
- c) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- d) Os beneficios das actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos que, de forma complementaria, poida exercer.
- e) Os frutos do seu patrimonio.
- f) Os préstamos ou créditos que obteña.
- g) As cotas dos seus membros ou afiliados.
- h) As sancións pecunarias que impoña ós seus membros ou afiliados.
- i) Calesquera outros que lle poidan ser atribuídos por disposición legal ou en virtude de convenio.

Os recursos económicos da Federación serán destinados á consecución dos fins propios do seu obxecto, de acordo cos orzamentos que aprobe para cada exercicio e, sen prexuízo do principio de caixa única que rexirá a administración do orzamento, aplicará os seus ingresos propios de forma prioritaria ós seus gastos de estrutura.



ARTIGO 34º**O EXERCICIO ECONÓMICO E O ORZAMENTO**

O exercicio económico da Federación comezará o primeiro de xaneiro e pecharase o 31 de decembro de cada ano.

O tesoureiro da Xunta Directiva da Federación elaborará anualmente o anteproxecto do Orzamento da Federación, que trala súa aceptación pola Xunta Directiva, será sometido sucesivamente á Comisión Delegada e á Asemblea Xeral no último trimestre do seu exercicio económico para a súa aprobación e posterior remisión, no prazo dun mes, á Secretaría Xeral para o Deporte.

A Federación non poderá aprobar orzamentos deficitarios, agás nos casos excepcionais en que o autorice a Secretaría Xeral para o Deporte.

O Orzamento deberá elaborarse anualmente correspondendo a súa aprobación á Asemblea Xeral. As contas anuais e os orzamentos teñen que estar no domicilio social da Federación, cunha antelación mínima de 15 días á celebración da Asemblea, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

ARTIGO 35º**A CONTABILIDADE DA FEDERACIÓN**

A Federación someterá a súa contabilidade ás normas do Plan Xeral de Contabilidade (REAL DECRETO 514/2007, de 16 de novembro, por el que se aprueba el Plan General de Contabilidad)

Ó remate de cada exercicio o Tesoureiro confeccionará os estados financeiros e a liquidación do orzamento xunto coa correspondente memoria explicativa, de acordo, como mínimo, cos criterios expostos segundo a normativa de aplicación.

A requirimento da Secretaría Xeral para o Deporte, nas condicións que ésta determina, a Federación deberase someter a auditorías financeiras sobre a totalidade dos seus gastos.

ARTIGO 36º**RÉXIME DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA**

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio, sendo de aplicación as seguintes regras:

- a) Pode promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público, debendo aplica-los beneficios económicos, se os houbera, ó desenvolvemento do seu obxeto social.
- b) Pode gravar e alienar os seus bens inmoables, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que os mencionados negocios xurídicos non comprometan de forma irreversible o patrimonio da entidade ou o seu obxeto social. En todo caso cando a súa contía sobrepase o 25% do orzamento anual da Federación, ademáis do acordo da



Asemblea Xeral será imprescindible o informe favorable da Secretaría Xeral para o Deporte.

Cando se trate de bens inmobles que fosen financiados, en todo ou en parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, será perceptiva a autorización da Secretaría Xeral para o Deporte para o seu gravame ou alienación.

- c) Poden exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos e destinar os seus bens e recursos ós mesmos obxetivos deportivos, pero non poderán en ningún caso repartir beneficios entre os seus membros.
 - d) Non poderán comprometer gastos de carácter plurianual, no seu período de mandato, sen autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu orzamento ou reborde o período de mandato do Presidente.
2. A aprobación dos gastos da Federación corresponderá ó seu Presidente. A execución dos pagos corresponde ó Tesoureiro.
 3. Os fondos da federación estarán depositados necesariamente en contas correntes abertas a nome da Federación en bancos ou caixas da aforro, podéndose conservar en caixa as sumas que se consideren precisas para atender ós pequenos gastos.

As disposicións de fondos de cargo a ditas contas correntes deberán autorizarse por dúas sinaturas, entre as do Presidente, Tesoureiro e Secretario da Federación. Unha delas será necesariamente a do Tesoureiro ou da persoa ou funcionario en quen delegue con autorización o Presidente.

4. Sen prexuízo das facultades e responsabilidades do Presidente da Federación, o Tesoureiro responderá de acordo coas disposicións legais vixentes, do emprego correcto dos fondos e xustificación regulamentaria.

Nos casos de cese ou toma de posesión do Presidente ou Tesouriero formalizarase un arqueo extraordinario, levantando acta do resultado do mesmo, e enviarase unha copia á Secretaría Xeral para o Deporte, acompañada do Balance pechado á mesma data.

TÍTULO VI

RÉXIME DOCUMENTAL

ARTIGO 37º

LIBROS E DOCUMENTOS

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA eleborará necesariamente os libros e documentos que impoñan en cada momento as disposicións legais vixentes, e ademáis:



- a) O Libro de Clubs e asociacións afiliadas, no que constarán as denominacións destes, o seu domicilio social, os nomes e apelidos dos Presidentes e demais membros das súas xuntas directivas, e as datas de toma de posesión e cese dos seus cargos.
 - b) Os Libros de Actas, nos que se transcribirán as actas das reunións que celebran tódolos órganos pluripersoais da Federación, tanto os de goberno e representación coma os complementarios e os comités.
 - c) Os Libros de Contabilidade e demais documentos e arquivos de tal natureza de obrigado cumprimento.
 - d) Libro inventario de bens mobles e inmobles.
2. Os libros e documentos da Federación, debidamente dilixenciados, conservaranse no domicilio social, correspondendo a súa custodia ó Secretario.

ARTIGO 38º DOCUMENTOS

INFORMACIÓN E EXÁME DOS LIBROS E

1. A Secretaría Xeral para o Deporte, nas condicións que determine, poderá requirir da Federación e someterse a inspección do seu réxime documental establecido segundo a normativa de aplicación.
2. Recoñécese o dereito a coñecer o contido dos libros e documentos oficiais e regulamentarios da Federación a tódolos seus integrantes que acrediten un interés lexítimo e directo sobre as cuestións contidas nos documentos e libros que pretenden coñecer.

En todo caso presúmese a existencia de interés lexítimo e directo ós membros da Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Comités da Federación.

Para o exercicio do dereito de información e exáme dos libros e documentos, os membros da Federación, e esta, ateranse ao seguinte procedemento:

- O interesado solicitará por escrito a información que pretenda obter indicando expresamente o obxecto da súa consulta, designando os libros e/ou documentos que pretenda examinar e, no seu caso, a causa ou o interese lexítimo e directo.
 - A Federación resolverá o que proceda no prazo máximo de 10 días hábiles, notificando ó solicitante a súa decisión e, no seu caso, a forma ou sistema da consulta que poderá consistir na exhibición material no domicilio social da Federación ou na expedición polo Secretario de certificación ou testemuña das cuestións dos libros e/ou documentos que sexan obxecto da consulta, dependendo da natureza e extensión da mesma.
3. O Secretario da Federación expedirá as certificacións oportunas dos actos e acordos dos órganos de goberno e representación.



TÍTULO VII**RÉXIME DISCIPLINARIO****ARTIGO 39º****POTESTADE DISCIPLINARIA. PRINCIPIOS XERAIS**

O exercicio da potestade disciplinaria deportiva da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA corresponde ós órganos competentes en materia disciplinaria sinalados no art. 40 destes Estatutos, os cales suxeitaranse na súa actuación ós seguintes principios:

- Principio de legalidade nas infraccións, nas sancións e no procedemento disciplinario.
- Principio de proporcionalidade da sanción coa infracción cometida.
- Principios de irretroactividade das normas máis desfavorables e de retroactividade das normas máis favorables para o infractor.
- Principio de interdicción da dobre sanción polos mesmos feitos.
- Os demais principios do dereito sancionador

ARTIGO 40º**OS COMITÉS DE COMPETICIÓN E APELACIÓN**

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA ten potestade disciplinaria sobre tódalas persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, os clubs deportivos e os deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e árbitros, e en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolvan a súa actividade deportiva no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA contará en primeira instancia cun Comité de Competición ou xuíz único, nomeado polo presidente podendo estar asistido polo secretario da federación ou a persoa en quen delegue, e en segunda instancia cun Comité de Apelación, composto por catro membros e un director que serán nomeados pola xunta directiva a proposta do presidente, que funcionarán de acordo co que se dispoña no Regulamento de Réxime Disciplinario da Federación.
3. Contra as resolucións definitivas da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA en materia disciplinaria cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
4. O Réxime Disciplinario Deportivo virá fixado nun regulamento que é independente da responsabilidade civil ou penal, así como do réxime laboral, que se rexirán pola lexislación que en cada caso corresponda.
5. O ámbito de aplicación da Disciplina deportiva esténdese ás infraccións das regras de competición das normas xerais deportivas tipificadas na Lei do Deporte, no Real Decreto sobre Disciplina Deportiva e nos Estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA.



ARTIGO 40º BIS**FALTAS E SANCIONES**

1. Son faltas disciplinarias as infraccións das regras da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva, divídense en tres tipos:
 - a) Infraccións moi graves.
 - b) Infraccións graves.
 - c) Infraccións leves.

NATUREZA E CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIONES

2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:
 - a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.
 - b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público.
 - c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
 - d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, do encontro ou da competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
 - e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - f) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
 - g) A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, dos encontros ou das competicións.
 - h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes



- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos

4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público, cos compañeiros e cos subordinados.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

SANCIÓNS

5. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Perda de ascenso de categoría ou división.
- d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
- e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.
- f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación



deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.

- g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
- h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

6. Pola comisión de faltas graves impoñeranse as seguintes sancións:

- a) Amoestación pública.
- b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.
- c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.
- d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

7. Pola comisión de faltas leves impoñeranse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento.
- b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.

8. As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, conforme na *LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais

PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDADE.

- 9. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
- 10. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
- 11. En función das circunstancias previstas nas alíneas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista



CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE.

12. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción
13. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
14. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
15. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

CAUSAS DE EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE

16. A responsabilidade disciplinaria extínguese:
 - a) Polo cumprimento da sanción.
 - b) Polo falecemento da persoa inculpada.
 - c) Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
 - d) Por prescrición das infraccións ou sancións

PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

17. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
18. termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
19. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comezase.

CLASES DE PROCEDEMENTOS

20. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario



21. procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. A súa concreción deberá realizarse nos estatutos das federacións deportivas atendendo ao previsto no artigo 106, e, na súa regulación, deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.
22. procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

REGRAS COMÚNS AOS PROCEDEMENTOS

23. No non previsto na *LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.*, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
 24. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
 25. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
 26. As actas subscribas polos xuíces da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.
- As manifestacións do xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

PROCEDIMENTO ABREVIADO

27. As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

1. Iniciación:

- a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscriba polo xuíz ou árbitro e polos competidores ou polos delegados dos clubs. No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.



- c) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.

2. Tramitación e resolución:

- a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na alínea anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou na denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes. A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.
- b) O órgano instructor trasladaralle, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.

A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

PROCEDIMENTO ORDINARIO

28. As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

1. Iniciación:

- a) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.
- b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instructor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada.

Serán aplicables ao instructor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



2. Tramitación:

- a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.
- b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.
- d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable –e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer– ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3. Resolución:

- a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.
- b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e dítase no prazo máximo de dez días hábiles.

LEXITIMACIÓN PARA RECORRER CONTRA AS SANCIÓNS

29. Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición



TÍTULO VIII**EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN**

ARTIGO 41º**CAUSAS DE DISOLUCIÓN E EXTINCIÓN**

A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA extinguirase polas seguintes causas:

- a) As que establezan con carácter imperativo as disposicións legais vixentes en cada momento.
- b) A revogación do seu recoñecemento como Federación pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- c) A resolución xudicial.
- d) A integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- e) O acordo de disolución adoptado por dous terceiras partes da Asemblea Xeral.

ARTIGO 42º**LIQUIDACIÓN PATRIMONIAL**

1. Unha vez acordada a disolución da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA e ratificado o acordo polo organismo competente da Xunta de Galicia, procederase á liquidación do patrimonio da mesma.
2. A Asemblea Xeral deberá elixir unha comisión liquidadora de 5 membros.
3. A Comisión Liquidadora someterá a proposta de liquidación á aprobación da Asemblea Xeral, que resolverá por maioría simple.
4. incumprimento do deber de disolver a FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA, cando sexa legalmente procedente, dará lugar á esixencia das responsabilidades que correspondan ás persoas titulares dos órganos competentes, sen prexuízo do dereito do correspondente órgano administrativo a instar a súa disolución.

TÍTULO IX**APROBACIÓN E REFORMA DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS**

ARTIGO 43º**PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN E REFORMA DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS**

1. Os Estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA serán aprobados e, no seu caso, modificados pola Asemblea Xeral en reunión plenaria e a iniciativa do 20% dos membros da propia Asemblea Xeral, do acordo maioritario da Comisión Delegada, do Presidente ou da Xunta Directiva.



2. Os Regulamentos da Federación serán aprobados pola Asemblea Xeral, podendo ser modificados pola Comisión Delegada.
A proposta de modificación dos mesmos corresponderá ó Presidente ou a dous tercios dos membros da Comisión Delegada.
3. Unha vez aprobados os Estatutos, os regulamentos e as súas modificacións, serán remitidos á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Considéranse integrados tódolos clubs actualmente afiliados á FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA, salvo expresa manifestación en contrario.

DISPOSICIÓN FINAL

ENTRADA EN VIGOR

Quedan derogados os Estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA ata agora vixentes.

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da notificación á FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA da súa aprobación pola Secretaría Xeral para o Deporte sen prexuízo da súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia que se deberá realizar nun prazo máximo de 2 meses.

